

## Xornada de peche do proxecto Erasmus+ SBLENDID

### 24 de setembro de 2022

9:00-9:30	<p><b>Recollida de documentación</b></p> <p><b>Activación: Pílulas SBLENDID</b> Os/as asistentes poderán visitar 2 <i>stands</i> (a escoller entre varios) onde o profesorado participante no Seminario de formación e creador dos produtos do proxecto SBLENDID lles impartirá unha mini-pílula sobre o produto que crearon e como pode resultar de utilidade</p>
9:30-10:00	<p><b>Contextualización e apertura da xornada</b> Servizos Centrais</p>
10:00-11:00	<p><b>Mesa redonda: O #itinerarioSEMI: Xénese e impacto</b> <i>Creadoras e titoras dos cursos de formación online para o profesorado e alumnado dos mesmos</i> Modera: María Fernández (creadora e titora) Laura Iglesias, Isabel de la Cruz, Deirdre B. Murphy, Sonia A. Regueiro, Manuel del Río, Eva Raquel Guimarey</p>
11:00-11:30	<p><b>Ensino semipresencial en Galicia</b> <i>Creación e prospección de futuro</i> Juan José Lago Leis, Nuria Paula Calvo Blanco, Susana Aldao Linares</p>
11:30-12:00	<p><b>Café networking</b> (proxección de vídeos de proxectos Erasmus+ doutras EOI a nivel estatal)</p>
12:00-13:00	<p><b>Conferencia plenaria: Deseño de experiencias motivadoras para o ensino semipresencial</b> <i>O incremento do uso de tecnoloxías dixitais nas experiencias de ensino-aprendizaxe ofrece beneficios á par que presenta desafíos. Misturar o uso de tecnoloxía co ensino na aula é un reto e cômpre intencionalidade e atención ao deseño. A conferencia plenaria presentará xeitos de achegarse ao b-learning para apoiar a participación do alumnado ao tempo que abordará algúns dos retos comúns para profesorado e alumnado</i> Neil Mosley (<a href="https://www.neilmosley.com/">https://www.neilmosley.com/</a>)</p>
13:00-15:30	<p><b>Pausa xantar</b> (proxección de vídeos de proxectos Erasmus+ doutras EOI a nivel estatal)</p>
15:30-17:00	<p><b>Mesa redonda: Que levamos do SBLENDID ás nosas aulas?</b> <i>Docentes participantes no proxecto</i> Modera: M<sup>a</sup> José Veiga Carmen Rodríguez, Rocío Sánchez, Ana Ramos e Leticia Pérez</p>
17:00-18:30	<p><b>Laboratorio de futuros proxectos</b> <i>Traballo en pequenos grupos de 4 persoas para deseñar futuros proxectos de colaboración</i></p>
18:30-19:00	<p><b>Valoración da xornada e peche</b> Andrés Ajo Lázaro, Director da Unidade de Educación Escolar e de Persoas Adultas do SEPIE</p>

## PERSOAS RELATORAS

### Andrés Ajo Lázaro

Director da Unidade de Educación Escolar de Persoas Adultas do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

### Susana Aldao Linares

Directora da Escola Oficial de Idiomas da Coruña, creadora e titora dos cursos de inglés B2.1 e B2.2 da modalidade de ensino semipresencial. Participante na mobilidade de observación no Hibernia College (Dublín, Irlanda).

### Nuria Paula Calvo Blanco

Vicedirectora da Escola Oficial de Idiomas da Coruña, creadora e titora dos cursos de inglés B2.1 e B2.2 da modalidade de ensino semipresencial. Participante na mobilidade de observación no Hibernia College (Dublín, Irlanda).

### M<sup>a</sup> Isabel de la Cruz Fernández-Pacheco

Vicedirectora da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela. Creadora e titora do curso “Ensin semipresencial. Converter a avaliación en motor da aprendizaxe”. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido).

### Alicia del Río Caamaño

Docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Participante na mobilidade de aprendizaxe Congreso EDEN (Tallín, Estonia).

### Manuel del Río Rodríguez

Xefe de Estudos da Extensión de Noia da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela. Participante no seminario de formación asociado ao SBLENDID (curso 2020-21), alumno dos catro cursos do itinerario de formación sobre ensino semipresencial e creador do curso de destrezas orais en inglés (nivel C1) de modalidade semipresencial.

### Carmen M<sup>a</sup> Fernández Rodríguez

Docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Coordinadora do proxecto SBLENDID durante os cursos 2020-21 e 2021-22 e coordinadora dos proxectos Stories Time Capsule (2019-20), AmbassadEURs (2020-21) e Nowhere Feels Like Home (2021-22) polos que recibiu 5 selos de calidade nacionais e 3 europeos.

### María Fernández González

Vicedirectora e docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Creadora e titora do curso “Ensin semipresencial. Conectar dous mundos a través da aula virtual”. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido).

### Paula Gómez Cernadas

Xefa de estudos e docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Creadora e titora do curso “Ensin semipresencial. Conectar dous mundos a través da aula virtual”. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido).

### Sonia Fernández Castro

Xefa de estudos e docente de alemán na Escola Oficial de Idiomas de Monforte. Coordinadora do proxecto SBLENDID na EOI de Monforte durante o curso 2021-22 e participante na mobilidade de observación no ZLI (Viena, Austria).

### M<sup>a</sup> Cristina González Piñeiro

Docente de italiano na Escola Oficial de Idiomas de Santiago. Creadora e titora do curso “Ensin semipresencial. Acompañar ao alumnado na súa aprendizaxe”. Titora tamén do curso “Ensin semipresencial. Fomentar a autonomía do alumnado”. Creadora xunto con M<sup>a</sup> Esther Martínez Rivas do podcast que recompila os recursos xerados durante o proxecto Erasmus+ SBLENDID. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido).

### Eva Raquel Guimarey Cedeira

Docente de Educación Primaria e alumna do curso “Ensin semipresencial. Acompañar ao alumnado na súa aprendizaxe”.

### Laura Iglesias Padrón

Docente de inglés na sección de Sar da Escola Oficial de Idiomas de Santiago. Creadora e titora do curso “Ensin semipresencial. Fomentar a autonomía do alumnado”. Titora tamén do curso “Ensin semipresencial. Acompañar ao alumnado na súa aprendizaxe”. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido).



### Juan José Lago Leis

Asesor de Probas de Certificación EOI no Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Coordinador da creación dos cursos da modalidade de ensino semipresencial nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.

### M<sup>a</sup> Esther Martínez Rivas

Docente de inglés nas EOI da Coruña e de Ferrol. Participante no seminario de formación (curso 2020-21) e creadora xunto con Cristina González Piñeiro do podcast que recompila os recursos xerados durante o proxecto Erasmus+ SBLNDID.

### Neil Mosley

Neil Mosley é asesor de educación e deseñador de experiencias de aprendizaxe, especialmente dixitais e *online*. Ten anos de experiencia implementando aspectos da intersección de estratexia, deseño, aprendizaxe e tecnoloxía en educación superior. Ten traballado no deseño e desenvolvemento de programas e cursos de ensino semipresencial e *online* nun bo número de plataformas globais para institucións coma o Imperial College, Royal College of Art e Cardiff University.

Na actualidade traballa cun abano de institucións educativas que inclúe universidades, centros de formación, centros escolares, organizacións culturais e artísticas e outras entidades de diferentes eidos. O seu asesoramento céntrase na mellora, deseño e desenvolvemento de experiencias de aprendizaxe dixital e *online*, así como na identificación e abordaxe de retos e oportunidades emerxentes.

### Mónica Millán González

Docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Participante na mobilidade de observación na Universidade do Porto (Porto, Portugal).

### Iria Monteagudo Alonso

Docente de inglés na sección de Coia da Escola Oficial de Idiomas de Vigo. Participante na mobilidade de observación na Universidade do Porto (Porto, Portugal).

### Deirdre Barry Murphy

Xefa de Estudos e docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Alumna de dous dos cursos do itinerario de formación sobre ensino semipresencial e participante na mobilidade de observación na Universidade do Porto (Porto, Portugal). Creadora e titora do curso de inglés (nivel C2) na modalidade semipresencial.

### Alumna Deirdre

### Natalia Paz Outumuro

Docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Coruña. Participante na mobilidade de observación na Universidade do Porto (Porto, Portugal) e no proxecto eTwinning *Euroheroes* polo que recibiu un selo de calidade nacional.

### Leticia Pérez Domínguez

Docente de inglés na Escola Oficial de Idiomas de Vigo. Coordinadora do proxecto SBLNDID na súa EOI durante o curso 2020-21 e participante na mobilidade de aprendizaxe Congreso EDEN (Tallín, Estonia).

### Rosa M<sup>a</sup> Quiroga González

Directora e docente de alemán na Escola Oficial de Idiomas de Monforte. Participante no curso estruturado impartido por Europass Teacher Academy (Florenza, Italia), así como na mobilidade de observación no ZLI (Viena, Austria).

### Isabel Rama Nion

Docente de francés na sección de Carballo da Escola Oficial de Idiomas de Coruña. Creadora e titora de cursos de ensino semipresencial desta lingua.

### Ana María Ramos Moro

Docente de inglés na EOI de Ourense. Participante no curso estruturado de nivel avanzado impartido por NILE (Norwich, Reino Unido) e na mobilidade de observación no Hibernia College (Dublín, Irlanda).

### Carmen Rodríguez Alonso

Docente de alemán na Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Coordinadora do proxecto SBLNDID na EOI de Monforte durante o curso 2020-21 e participante no curso estruturado impartido por Europass Teacher Academy (Florenza, Italia) e na mobilidade de observación no ZLI (Viena, Austria).

### **Rocío Sánchez Díaz**

Docente de alemán na Escola Oficial de Idiomas de Monforte. Participante na mobilidade de observación na Europass Teacher Academy (Florenzia, Italia).

### **Begoña Suárez Moreno**

Docente de italiano na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Coordinadora do proxecto SBLENDID durante os cursos 2020-21 e 2021-22. Participante no curso estruturado impartido por Europass Teacher Academy (Florenzia, Italia) e na mobilidade de observación na mesma entidade.

### **M<sup>a</sup> José Veiga Díaz**

Vicedirectora e docente de alemán na EOI de Lugo. Creadora de cursos de ensino semipresencial e participante na mobilidade de observación na Universidade do Porto (Porto, Portugal).

### **Marco Vélez Barreiro**

Docente de francés na EOI da Coruña. Creador e titor de cursos de ensino semipresencial desta lingua e participante na mobilidade de observación no ZLI (Viena, Austria).

### **Helena García Martínez**

Docente de francés na EOI da Coruña. Creadora e titora de cursos de ensino semipresencial desta lingua.